



A. V.

“A XUNTANZA”

MEMORIA 2005

Santiago de Compostela, 2006

QUEN SOMOS:

"A Xuntanza" é unha Asociación Veciñal interesada na mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas do barrio. Queremos contribuír á solución dos problemas e tamén das carencias que hai tanto a nivel de equipamentos e infraestruturas dotacionais como no ámbito da convivencia, a saúde, a cultura, o traballo e o lecer. Levamos case 30 anos traballando polo benestar dos veciños do Barrio de San Pedro.

QUE FACEMOS:

- Análise dos problemas do barrio e propostas de solución.
- Actividades educativas e de dinamización sociocultural: graduado de educación secundaria, cursos e obradoiros de teatro, manualidades, pintura, gaita, acordeón, baile...
- Actividades relacionadas coa situación da muller e a saúde, a través da Vogalía da Muller.
- Recuperación das festas populares (magostos, Antroido, cacharelas, foliadas...).
- Programas para uso social das novas tecnoloxías.
- Cooperación con outras asociacións na Coordinadora do Barrio e coa Rede de Centros Socioculturais para desenvolver accións comúns.
- Colaboración con outras asociacións veciñais de Compostela para reflexionar e propor solucións a problemas comúns da cidadanía.

Balance económico 2005

INGRESOS:

| | |
|-----------------------|------------------|
| Cotas socios | 1248,00 |
| Institucións Públicas | 7106,45 |
| Outros ingresos | 2,33 |
| TOTAL | 8356,78 € |

GASTOS:

| | |
|---|------------------|
| Equipamento | 2868,70 |
| Arranxos local | 2558,40 |
| Comunicacións (tfno, correo, boletín,...) | 766,36 |
| Actividades | 1394,01 |
| Varios | 345,80 |
| TOTAL: | 7933,27 € |

| | |
|----------------------------|-----------|
| INGRESOS - GASTOS = | 423,51 € |
| SALDO INICIAL A 01/01/2005 | 1696,20 € |

| | |
|---------------------|------------------|
| SALDO ACTUAL | 2119,76 € |
|---------------------|------------------|

Orzamento 2006

INGRESOS:

| | |
|------------------------------|------------------|
| Cotas socios | 1500,00 |
| Concello | 2163,00 |
| Concello (Vogalía da Muller) | 320,00 |
| Deputación | 2500,00 |
| Saldo inicial | 2119,76 |
| TOTAL | 8602,76 € |

GASTOS:

| | |
|------------------------|------------------|
| Equipamento | 1700,00 |
| Arranxos local | 3200,00 |
| Gastos administrativos | 1200,00 |
| Actividades | 2000,00 |
| TOTAL: | 8100,00 € |

INGRESOS - GASTOS = 502,76 €

Memoria e Programa anual de actividades

DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL

A Asociación Veciñal sigue desenvolvendo durante o ano 2005 un intenso programa de **actividades de dinamización sociocultural**, ademais das tarefas propias relacionadas coa mellora das condicións de vida no barrio.

Entre outras, o programa desenvolvido ao longo deste curso inclúe as seguintes actividades:

Do curso 2004-2005

1. Aprender a calcetar
2. loga
3. Coiro
4. Informática Academia ÉPSILON (iniciación á Windows, Office e Internet)
5. Teatro
6. Corte e Confección
7. Tai-Chi
8. Ximnasia (Manuel)
9. Manualidades
10. Encaixe de Camariñas
11. Baile Galego
12. Pintura
13. Pandeireta
14. Acordeón
15. Gaita
16. Bailes de Salón

Curso 2005-2006

Mantéñense a maior parte destas actividades (salvo calceta, bailes de salón e acordeón) e engádense:

- Cerámica
- Ximnasia Pilates

Continúase cunha forte incidencia no barrio dende a **Vogalía da Muller**, organizando ciclos de charlas e encontros sobre diversos temas de interese. Este é un espazo de formación e debate que conta con abundante e activa participación. Desenvolvéronse, entre outras, as seguintes

- *Dores de cabeza* con Roxelio Leira Muíño, médico neurólogo.
- Unha experiencia de interrelación entre nenos e nenas e persoas maiores na residencia de Lalín, co animador Celso Sanmartín e a traballadora social do centro Estrella.
- Un obradoiro con 2 sesións sobre responsabilidade:
 - Unha sobre corresponsabilidade nas tarefas domésticas.
 - Outra sobre dificultades para a participación das mulleres no ámbito público: empresas, postos de dirección, política.
 - Coa participación de Concha Fernández, psicóloga
- *Conflitos cos adolescentes*, con Fernando González, psicólogo da UMAD.
- *Obradoiro de Risoterapia*, de 4 sesións, en colaboración coa concellería de relacións veciñais e a Asociación Turmalina.

A Asociación sigue cooperando decididamente nos programas para a recuperación e promoción das **festas populares**, no marco das convocatorias efectuadas pola Coordinadora do Barrio de San Pedro "O Camiño", colaborando na preparación do Magosto, Antroido, Día das Letras Galegas e San Xoán. No presente ano colaborouse intensivamente coa Coordinadora para a realización das Festas do Barrio de San Pedro e co CSC da Trisca no desenvolvemento da súa Semana Cultural.

Mantéñense as excursións a diversas zonas de Galicia, os cursos de lingua galega, de ensino de adultos e as actividades de animación á lectura e préstamo de libros na Biblioteca.

A páxina **web** da asociación <http://www.axuntanza.org> está en funcionamento e é un importante instrumento para a proxección da asociación e para a comunicación entre os veciños/as do barrio.

As **actividades** que se levarán a cabo na primavera, verán e outono - ademais das xa mencionadas, non están aínda programadas en detalle, aínda que manterán as liñas xerais da intervención sociocultural que levamos realizando nos últimos anos.

A asociación **participou** -e seguirá participando- no 2005 na Plataforma polo Emprego, na Plataforma cidadá pola atención socio-sanitaria e Plataforma pola dignificación do emprego no fogar, asistindo ás súas reunións e apoiando aqueles proxectos que desenvolveron ó longo do ano.

A **valoración da participación** e o seguimento das actividades tanto por parte dos socios e socias como dos veciños e veciñas é positiva. Máis de 200 persoas participaron nos diversos cursos que de xeito habitual e, ano tras ano, ofrece esta asociación e se ben algúns grupos a penas chegaron ós 6 asistentes outros superaron folgadoamente os 20. En conxunto, estímase que participaron nestes cursos, máis nas charlas e nas actividades específicas da vogalía da muller, perto de 500 veciños e veciñas.

Un importante esforzo económico e persoal fíxose este ano na **mellora das instalacións** que habitualmente usa esta asociación. Foi necesaria a aportación económica dos socios e socias (e as súas cotas), da Deputación Provincial e da Concellería de Centros Socioculturais do Concello de Santiago pero levouse a cabo unha profunda renovación do local, mellorando o seu aspecto e a comodidade dos seus usuarios e usuarias. Quedan pendentes aínda algunhas obras que serán acometidas no 2006 e nos anos seguintes (mudanza das portas exteriores e interiores, mellora da iluminación, etc.).

MELLORA DO BARRIO

No plano do traballo levado a cabo para a mellora do barrio merecen destacarse ás seguintes accións:

- Renovación, na reunión sostida en marzo de 2005 co Sr. Alcalde e varios concelleiros, da necesidade de renovar en boa parte das rúas do barrio o pavimento, infraestruturas, beirarrúas, iluminación, etc.

- Solicitud para que o Concello reparase a perigosa escalinata da rúa Triacastela, tanto o seu trazado, chanzos como as varandas.

- Apoio á veciñanza das rúas de San Pedro e do Medio para que se melloren as condicións de aparcamento nesas rúas. Especialmente na rúa de San Pedro onde, sen previo aviso, fíxose desaparecer boa parte do espazo dedicado a este fin.

- Negociacións coa concellaría e con Tussa sobre as liñas de autobús, destinos e frecuencias.

- Solicitud insistente para que se elabore e acorde coa veciñanza un plano de tráfico e mobilidade específico para o barrio de San Pedro.

- Alegación ó PXOM para que o concello execute na rúa de Triacastela a dotación de uso comunitario xa prevista no anterior Plan Xeral, preferentemente incluíndo un aparcamento para residentes.